



Nº Expediente: 2017/C005/000006

Asunto: Contratación de INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (3)

ACTA DE VALORACIÓN DA SEGUNDA OFERTA PRESENTADA OU RATIFICACIÓN DA PRIMEIRA; E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO:

Obra/subministro: INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS

Importe de licitación: 43.570,31 € IVE incluído (Prezo sen IVE 36.008,52 €; IVE 7.561,79 €).

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste don José Camilo Casal García, concelleiro.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 12:00 horas do martes 5 de decembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á valoración da segunda oferta presentada ou ratificación da primeira e elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación para adxudicar a obra/subministro anteriormente citada/o.

As seguintes empresas presentaron en forma e prazo documentación xustificativa das súas ofertas:

- INSTALACIONES Y COMUNICACIONES DEL EUME, S.L. (R.E. 2017/999/684 de 01.12.2017)
- SOLUCIONES INTEGRALES DE VOZ, DATOS Y SEGURIDAD, S.L. (R.E. 6142 de 05.12.2017), previa comunicación por correo electrónico de data 04.12.2017 do envío por correo certificado.

Realizados novamente os cálculos correspondentes, obténse a seguinte valoración definitiva:



EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	SEGUNDA OFERTA ECONÓMICA OU RATIFICACIÓN DA PRIMEIRA (sen IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN PRAZO DE GARANTÍA	TOTAL
INSTALACIONES Y COMUNICACIONES DEL EUME, S.L.	2,60	23.760,00	25,00	4 anos	2,00	29,60
SOLUCIONES INTEGRALES DE VOZ, DATOS Y SEGURIDAD, S.L.	12,50	26.200,00	19,87	8 anos	10,00	42,37

Vistos os resultados obtidos, a Mesa acorda:

1.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato “INSTALACIÓN DE REDE SEN FÍOS EN NÚCLEOS RURAIS” á seguinte empresa, por ofrecer a oferta no seu conxunto máis vantaxosa:

Empresa: SOLUCIONES INTEGRALES DE VOZ, DATOS Y SEGURIDAD, S.L.

Prezo: 26.200,00 euros e 5.502,00 euros de IVE, cun total de 31.702,00 euros.

2.- Reunirse de novo para cualificar a documentación que deberá presentar este licitador, de acordo co previsto no Prego-tipo de cláusulas administrativas; unha vez requirido polo órgano de contratación, con carácter previo á adxudicación.

3.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta; así como o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación necesaria para continuar coa adxudicación, por parte da empresa proposta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 12:30 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.